

Nome/Título da evidencia: Uso da intelixencia artificial para a xeración e explicación de exercicios de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

Tipo de evidencia: material didáctico / ferramenta de avaliación.

Autores/as: Luis García Fernández

Departamento(s): Matemáticas.

Recurso(s) de IA utilizado(s): ChatGPT (OpenAI), Wolfram Alpha, Copilot de Microsoft Word.

Breve resumo da actividade:

Durante o segundo trimestre do curso 2024-2025, empregáronse ferramentas baseadas en intelixencia artificial (especialmente ChatGPT) para elaborar exercicios personalizados de programación lineal e funcións.

Os contidos foron adaptados ao nivel de 2º de Bacharelato da materia "Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II". A actividade incluíu:

- Xeración de exercicios paso a paso.
- Explicacións complementarias en linguaxe accesible para o alumnado.
- Propostas de exames tipo con solucións guiadas.

O alumnado tivo acceso ás actividades a través da aula virtual (Moodle) e púxose a proba algunhas respostas da IA en sesións de clase.

Reflexión sobre a aplicación da actividade na práctica docente:

Impacto na aula:

A actividade xerou moito interese inicial, especialmente entre o alumnado con máis autonomía. Algúns alumnos consultaron directamente a IA para reforzar a comprensión de certos exercicios.

Vantaxes atopadas:

Para o profesorado a vantaxe é moi clara:

- Axilidade na creación de exercicios personalizados.
- Claridade nas explicacións.
- Adaptación ao ritmo do alumnado.

Dificultade atopadas:

- Validación constante do material xerado pois había erros nas solucións dos exercicios
- Erros de lectura por parte da IA de expresións matemáticas.

Posibles melloras:

- É preciso máis formación docente en IA. A ser posible por especialidades
- Fomentar análise crítica nas respostas da IA.
- Integración da IA como apoio estruturado.

Probabilidade de implementación futura:

E seguro que a título persoal usarei estas novas tecnoloxías pois facilitan e aceleran o traballo do profesorado para crear materiais didácticos .

Este tipo de uso da intelixencia artificial resulta especialmente útil na preparación de probas que requiren máis que cálculos: esixen comprensión, análise e toma de decisións. A IA permite ao docente dispoñer de recursos que van máis alá da resposta correcta, ofrecendo unha visión sobre como está formulada a tarefa e que estratexias pode necesitar o alumnado para abordala con éxito. Neste sentido, converteuse nunha ferramenta eficaz para traballar a interpretación dos enunciados e potenciar habilidades de lectura crítica e planificación da resolución.